PRIMARIA

5

CONECEMENTO DO MEDIO

O libro das preguntas

Galicia

Obradoiro · Santillana

3. O embarazo e o parto

Muller embarazada. Durante o embarazo, o bebé medra e desenvólvese dentro da barriga da nai.



Ó comezo do parto colócanse monitores na barriga da mamá para comproba-la saúde do bebé.

O embarazo

O embarazo é o conxunto de cambios que se producen desde a fecundación ata o nacemento dun novo ser. Os cambios prodúcense no bebé que se está formando e tamén na muller. O embarazo dura nove meses, e durante este tempo o meniño que se está desenvolvendo chámase **feto**.

O feto desenvólvese no interior dun órgano chamado **placenta**. A unión entre o feto e a placenta é o **cordón umbilical**. Por este cordón pasan os alimentos e o osíxeno que o feto necesita para vivir.

Os cambios durante o embarazo

Nos tres primeiros meses, o embarazo non se nota exteriormente. Pouco a pouco o bebé e a placenta van medrando e a barriga da mamá vaise facendo máis grande. Tamén as mamas crecen e se preparan para a lactación.

Ó principio, o bebé é tan pequeno coma un gran de area. Ós **tres meses** pódense distinguir tódalas partes do corpo do bebé: a cabeza, os pés, as mans..., incluso as uñas. Ós **catro meses** xa ten tódolos órganos formados.

Ós **nove meses**, o bebé mide uns 50 centímetros e pesa aproximadamente 3.300 gramos. Está totalmente formado e preparado para nacer.

Preguntas

1. ¿Que é o embarazo?
2. ¿Como se desenvolve o bebé durante o embarazo?
3. ¿Como comeza un parto?
4. ¿Que sucede no parto?

O parto

A saída do bebé do ventre da nai chámase parto. No parto, o bebé sae ó exterior pola vaxina da súa nai.

Ó comezo do parto a nai nota cómo o útero se contrae ritmicamente para empurra-lo bebé cara á vaxina. A nai axuda a nacer ó bebé empurrando con forza cos músculos do abdome.

Cando o meniño naceu, córtase o cordón umbilical. O embigo é o sinal que queda da unión entre o cordón umbilical e o bebé.



Descubre

¿Por que lles gusta ós bebés o sabor doce?

Tódolos bebés gozan tragando o líquido amniótico mentres crecen na barriga da súa nai. Este líquido ten sabor doce e é o único sabor que coñece un meniño acabado de nacer. Por iso lles gusta o leite, que é doce, e as primeiras papas de cereais.

Ó redor dos seis meses incorpóranse por primeira vez alimentos de sabor salgado, coma os purés de verduras, na dieta dos bebés.

Meniño tomando un biberón de leite.

- ***¿Cal é o órgano do sentido do gusto?***
- ***¿Funciona xa o sentido do gusto dun bebé cando está a medrar na barriga da nai?***

Actividades

1 **Ordena con números o desenvolvemento dun bebé no embarazo.**

[1] O bebé é tan pequeno coma un gran de area.
[ ] Mide uns 50 cm e pesa uns 3.300 g.
[ ] Ten tódolos órganos formados.
[ ] Podemos distinguir tódalas partes do seu corpo.

2 **Elixe as frases verdadeiras.**

- Cando unha muller está embarazada …
  a) … debe facer moito exercicio.
  b) … non debe tomar substancias prexudiciais.
  c) … sáenlle grans nas mans.
- O parto comeza cando …
  a) … o bebé se move moi de présa.
  b) … a muller vai a un hospital.
  c) … o útero se contrae de forma rítmica para empurra-lo bebé.